PACO FERREIRA GONZALEZ (1 para 1)
Alcalde Presidente de Gondomar
Data de Sinatura: 04/11/2025
HASH: f26297ef593f642e141da7c806b30e16

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS DE ACTIVIDADES CULTURAIS 2025

O Concello de Gondomar convoca un ano máis as subvencións de libre concorrencia para o desenvolvemento das actividades culturais do noso municipio e a posta en valor das mesmas.

Estas subvencións teñen como finalidade o fomento de actividades culturais a través do movemento asociativo, có fin de dinamizar a nosa vida cultural e a fortalecer a relación entre a veciñanza, que atopan nesas actividades un punto de encontro para compartir momentos, experiencias e aprendizaxes.

As presentes bases, que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades culturais no ano 2025, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS), do Real Decreto 887/06, do 21/07, polo que se aproba o Regulamento Xeral de subvencións en desenvolvemento da Lei anterior, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Gondomar, aprobada polo Pleno da Corporación o 17 de setembro e 2004(B.O.P. nº 195 do 7-10-2004), (en diante OXS), e demais normativa aplicable.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións en réxime de libre concorrencia ás Asociacións Culturais do Concello de Gondomar que estean legalmente constituídas, e que conten na súa programación anual con actividades exclusivamente culturais para beneficio da veciñanza do municipio.

A subvención irá destinada a cubrir os gastos directamente relacionados con esas actividades culturais, segundo o sinalado nas presentes bases.

2. CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

O crédito orzamentario que financia esta convocatoria é o consignado na partida 330.48000 do Orzamento en vigor, ata **un importe total de 22.000€.**

Cod. Validación: 3A5AL9G679Z4FLP3AGKACMDW4
Corrección: https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas de outras Administracións Públicas ou de outros Entres Públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

En ningún caso o custo das actividades subvencionados, poderán ser superior ó valor de mercado.

3. BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria:

- Persoas ou entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas con sede ou domicilio no termo municipal e que desenvolvan actividades culturais no Concello de Gondomar en beneficio da colectividade da veciñanza e que non fagan uso de instalación municipais para o desenvolvemento das mesmas.

Non poderán ser beneficiarios desta liña de subvencións persoas, asociacións ou entidades:

- Que estean incursas en calquera dos supostos no artigo 13 da LXS, e, en particular, aquelas que non se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais coas Administracións Públicas, a Seguridade Social e o Concello de Gondomar.
- Que houberan formalizado co Concello de Gondomar no exercicio en curso un convenio de colaboración en virtude de concesión dunha subvención nominativa.
- Que entre as súas función de acordo cos estatutos non sexan culturais.
- As entidades públicas.
- Que concorran a outras convocatorias de subvencións do Concello de Gondomar. **No caso de que se concorra a varias subvencións na mesma convocatoria, o Concello de Gondomar só admitirá a solicitude efectuada na convocatoria directamente vinculada coa súa actividade, segundo os seus estatutos.**
- Que presenten actividades xa subvencionadas por outras Entidades públicas ou previamente remuneradas polo Concello de Gondomar.

4. GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables os que estean directamente relacionados coa actividade cultural subvencionada, e que correspondan exclusivamente a actividades culturais realizadas entre o **01/11/2024 e o 31/10/2025.**

Considerase gasto realizado o que, sendo executado no período subvencionable, fose **pagado** polo solicitante da subvención **antes do 31 de outubro de 2025**, e así se acredite polo mesmo.

Cod. Validación: 3A5AL9G679Z4FLP3AGKACMDW4
Corrección: https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes da subvención presentaranse mediante sede electrónica cubrindo o **ANEXO I** que se achega con estas bases no prazo de **10 DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no extracto da convocatoria do BOPP, no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos medios recollidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro , do procedemento administrativo común.

Una mesma entidade non poderá presentar máis de una solicitude.

Non se admitirán solicitudes fora de prazo.

6. DOCUMENTACIÓN

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- CIF da entidade solicitante e DNI do representante. No caso de que esta documentación obre xa no poder desta administración, e non sufriran modificacións con respecto ás últimas presentadas, axuntarase declaración xurada neste senso segundo figura no anexo VI.
- Estatutos da entidades (no caso de que a mesma teña personalidade xurídica propia). No caso de que esta documentación obre xa no poder desta administración, e non sufriran modificacións con respecto ás últimas presentadas, axuntarase declaración xurada neste senso segundo figura no anexo VI.
- Certificado de titularidade de conta bancaria expedido pola entidade e actualizado.
- Certificación acreditativa do **nomeamento do representante** da entidade e Declaración xurada de aceptar as condicións que figuran nestas bases para esta convocatoria segundo **ANEXO II**
- **Certificación** de atoparse **ao corrente das súas obrigas fiscais** coa Consellería de Facenda, Axencia Tributaria e Tesourería da Seguridade Social e co Concello de Gondomar. Este, comprobará de oficio se existen débedas con esta administración, **ANEXO IV.**
- **Declaración xurada** de non estar incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o art. 13.2 da Lei Xeral de Subvencións e que imposibilita ser beneficiario se subvencións segundo o **ANEXO V.**
- **Memoria explicativa** das actividades que se levan a cabo durante o período subvencionable segundo **ANEXO VII.**
- Orzamento de gastos e ingresos segundo figura no **ANEXO VIII.**

Cod. Validación: 3A5AL9G679Z4FLP3AGKACMDW4
Corrección: https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6

7. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Una vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, constituirase a *Comisión de Valoración*, que estará integrada polos seguintes membros ou persoas en quen delegen:

- O Alcalde, que actuará como Presidente.
- Concelleira de Cultura
- Un funcionario vinculado co departamento de Cultura
- Persoal do departamento de intervención, que actuará como Secretaria.

A *Comisión de Valoración* examinará cada una das solicitudes presentadas, e aplicará segundo os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, una puntuación global a cada solicitante co fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior puntuación.

A contía que se outorgará a cada beneficiario, non poderá superar **o 85%** do gasto subvencionado, sen que en ningún caso se poida superar o límite de crédito orzamentario dispoñible.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión sa subvención, a súa contía individual. Así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

8. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios a ter en conta para a concesión das axudas serán os seguintes:

- ✓ Interese e dimensión das actividades dende o punto de vista cultural e a súa repercusión social e cultural.
- ✓ Fomento da creatividade artística contemporánea, innovación, mantemento e conservación das nosas tradición…
- ✓ Número de persoas ás que vai dirixida directa ou indirectamente.
- ✓ Traxectoria da Asociación solicitante respecto á actividade para a que se solicita a subvención e periodicidade coa que se realiza a actividade/s incluídas no proxecto.
- ✓ Custe das actividades da Asociación e porcentaxe que se destina a actividade subvencionable.

Cod. Validación: 3A5AL9G679Z4FLP3AGKACMDW4
Corrección: https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6

Cada un dos criterios antes mencionados puntuará con un **máximo de 2 puntos**, sen que a puntuación total poida **exceder de 10 puntos.**

Non serán subvencionables os gastos de mantemento e conservación dos edificios onde se desenvolvan as actividades que se presentan na solicitude, así como gastos correntes que non inflúan directamente na actividade.

8.1 Acordo de adxudicación

O Órgano competente para a resolución das solicitudes da subvención é por Resolución de Alcaldía, previa proposta da Comisión de Valoración, sen prexuízo da súa delegación na Xunta de Goberno en virtude da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O prazo máximo para **resolver** e notificar as solicitudes será **dun mes** contando a partir do día no que remate o prazo establecido nesta convocatoria para presentalas, e o **silencio da Administración terá carácter desestimatorio**.

A resolución da Comisión de Valoración será notificada pola sede electrónica, dirixida á persoa, representante legal ou entidade solicitante.

9. XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN

Para proceder ao pago da subvención, a Asociación solicitante deberá presentar, **unha vez notificado o veredicto da Comisión de Valoración, a conta xustificativa** da realización da actividade ou gasto subvencionado segundo o **ANEXO IX** e **as facturas** correspondentes e**/ou xustificante bancario** do aboamento das mesmas de ser o caso.

Os requisitos que debe reunir a devandita conta xustificativa, serán os que se especifican no artigo 20 da OXS.

A xustificación do gasto subvencionado deberá realizarse no Rexistro Xeral do Concello, dirixido ao servizo de Intervención Municipal, **antes do 15 de decembro de 2025.**

10. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A convocatoria e as presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica a na páxina web municipal www.concellodegondomar.gal

Un extracto da convocatoria será publicado no BOPP.

Cod. Validación: 3A5AL9G679Z4FLP3AGKACMDW4
Corrección: https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6

A información, descarga de instancias e tramitación electrónica da presente convocatoria está dispoñible na páxina oficial da Sede Electrónica do Concello de Gondomar (https://concellodegondomar.sedelctronica.gal/info.0)

Cod. Validación: 3A5AL9G679Z4FLP3AGKACMDW4
Corrección: https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6